



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias decembro 2019**

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2020

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de decembro do ano 2019 acadou a cifra de 1.020.259 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de novembro de 2019 de 3.330 afiliacións (-0,33%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.408.538, rexistrando un aumento do 0,16% con respecto ao pasado mes de novembro.

Na comparativa interanual (decembro de 2019 con decembro de 2018) obsérvase un incremento de 14.151 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,41%) e un incremento do 2,02% (384.373 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de novembro de 2019, rexístrase un aumento das afiliacións en dez comunidades autónomas, destacando entre elas Andalucía (1,21%); mentres que o descenso máis notable prodúcese en Illes Balears (-3,61%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, a maioría das comunidades autónomas amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid, Murcia, Navarra e Comunitat Valenciana (con taxas iguais ou superiores ao 2,5%). En senso contrario, a única comunidade onde se rexistra un decrecemento é Extremadura.


**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>19.408.538</b>	<b>31.660</b>	<b>0,16</b>	<b>384.373</b>	<b>2,02</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.020.259</b>	<b>-3.330</b>	<b>-0,33</b>	<b>14.151</b>	<b>1,41</b>
Andalucía	3.175.372	38.053	1,21	65.201	2,10
Aragón	578.477	1.151	0,20	11.295	1,99
Asturias	367.673	-487	-0,13	3.517	0,97
Illes Balears	435.779	-16.326	-3,61	8.919	2,09
Canarias	827.428	2.562	0,31	14.441	1,78
Cantabria	218.958	-708	-0,32	3.830	1,78
Castilla La Mancha	714.036	2.571	0,36	7.838	1,11
Castilla y León	924.488	-3.122	-0,34	8.924	0,97
Cataluña	3.459.377	-3.551	-0,10	62.756	1,85
Comunitat Valenciana	1.951.160	1.587	0,08	46.913	2,46
Extremadura	393.811	869	0,22	-659	-0,17
Madrid	3.302.523	11.641	0,35	93.976	2,93
Murcia	591.083	610	0,10	16.218	2,82
Navarra	289.851	-1.374	-0,47	7.209	2,55
País Vasco	980.592	682	0,07	18.488	1,92
La Rioja	130.320	138	0,11	1.825	1,42
Ceuta e Melilla	47.350	696	1,49	-473	-0,99

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de novembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 1,92%, o que supón 6.715 afiliacións máis, seguida de A Coruña (1,34%), Ourense (1,25%) e, por último, Lugo (0,32%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de decembro con respecto ás do mes de novembro de 2019, rexistrouse en Galicia unha diminución do 0,33%. Todas as provincias amosan datos negativos, producíndose a maior baixada en A Coruña (-0,37%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2019	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	437.599	-1.645	-0,37	5.771	1,34
LUGO	122.291	-437	-0,36	393	0,32
OURENSE	103.265	-141	-0,14	1.272	1,25
PONTEVEDRA	357.104	-1.107	-0,31	6.715	1,92
<b>GALICIA</b>	<b>1.020.259</b>	<b>-3.330</b>	<b>-0,33</b>	<b>14.151</b>	<b>1,41</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>19.408.538</b>	<b>31.660</b>	<b>0,16</b>	<b>384.373</b>	<b>2,02</b>


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,4% das afiliacións galegas en decembro de 2019, diminuíron un 0,32% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,13%. En España estas taxas foron do 0,21% con respecto a novembro de 2019 e do 2,36% en relación ao mes de decembro de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,3%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas, agás Pontevedra, amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,95%. Para este réxime e con respecto ao mes de novembro de 2019, todas as provincias rexistran taxas negativas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,13%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida con respecto a decembro de 2018 (0,44%) e unha baixada con respecto a novembro de 2019 (-0,00%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a decembro de 2018, as taxas descenden en todas as provincias, sendo a máis negativa a de A Coruña (-2,57%). A taxa galega sitúase entón no -1,40%, inferior á de España (-0,81%). Con respecto a novembro de 2019, todas as provincias diminúen, destacando a taxa de A Coruña (-4,27%). A taxa galega amosa así unha diminución do -2,42% con respecto a novembro de 2019. A taxa nacional é do -4,03%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN DECEMBRO 2019	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	437.599	-0,37	1,34
LUGO	122.291	-0,36	0,32
OURENSE	103.265	-0,14	1,25
PONTEVEDRA	357.104	-0,31	1,92
GALICIA	1.020.259	-0,33	1,41
ESPAÑA	19.408.538	0,16	2,02
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	346.413	-0,37	1,93
LUGO	87.153	-0,34	1,43
OURENSE	79.705	-0,12	2,35
PONTEVEDRA	276.604	-0,31	2,53
GALICIA	789.875	-0,32	2,13
ESPAÑA	16.076.050	0,21	2,36
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	85.155	-0,12	-0,75
LUGO	33.645	-0,26	-2,35
OURENSE	23.560	-0,20	-2,32
PONTEVEDRA	66.927	-0,06	0,02
GALICIA	209.287	-0,13	-0,95
ESPAÑA	3.269.088	0,00	0,44
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	6.031	-4,27	-2,57
LUGO	1.494	-3,61	-1,78
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.574	-1,44	-0,83
GALICIA	21.099	-2,42	-1,40
ESPAÑA	62.115	-4,03	-0,81

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>